XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 4 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE), contra o alcalde de Ferrol e o presidente da Xunta de Galicia, por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 29 de decembro de 2023, o representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE presenta escrito (RE 169/2023), no que formaliza denuncia contra o alcalde de Ferrol e o presidente da Xunta de Galicia, por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), por derivada da celebración dun acto por mor da firma dun convenio de colaboración "Abrir Ferrol ao Mar" entre o alcalde de Ferrol, D. José Manuel Rey Varela, e o presidente da Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela, o día 29 de decembro de 2023 ás 12:30 horas no salón de recepcións do Concello de Ferrol, ao respecto da cal manifesta:

> *"A programación pública deste acto ten a consideración de difusión de logros por parte das administracións partícipes e supón un acto de inauguración. A firma do convenio per se, non suporía vulneración da normativa electoral, non así a difusión do mesmo como un logro e con remisión aos medios de comunicación para a súa publicación.*
> *Este tipo de actuacións pretenden a repercusión pública dos supostos logros das administracións que as promoven a través dunha apariencia de noticia de actividade ordinaria. Clara conculcación do principio de neutralidade dos poderes públicos."*
>
> *"Tanto pola convocatoria por parte de varias administracións públicas, como polo feito de que a persoa que ostenta a Presidencia da Xunta participa no acto en cuestión sendo asimesmo candidato dun partido político nas vindeiras eleccións así como polo propio lema exposto na convocatoria, indica que son feitos empregables na campaña electoral tanto por logros supostamente acadados como por promesas de actuacións futuras.".*

2. O 29 de decembro de 2023, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselles ao alcalde do Concello de Ferrol e a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 370/2024 e RS 369/2024, respectivamente), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido Socialista de Galicia – PSOE (RS 371/2024).

3. O 3 de xaneiro de 2024, os denunciados cumpriron o trámite concedido formulando alegacións (RE 191/2023, do alcalde do Concello de Ferrol, e RE 190/2023, da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias) motivando a conformidade do acto celebrado co establecido no artigo 50 LOREX, polo que solicitan a inadmisión e o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

Fundamentos de dereito

Primeiro. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral "calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos". E o seu apartado 3, prohibe "calquera acto ou inauguración de obras ou servizos públicos ou proxectos destes, calquera que sexa a denominación utilizada, sen prexuízo de que ditas obras ou servizos podan entrar en funcionamento en dito período".

A Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación co obxecto e os límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as campañas institucionais permitidas, "as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos". E engade no seu punto quinto que a intervención das xuntas electorais debe producirse como *consecuencia da contestación de consultas, da formulación de denuncias ou reclamacións, ou da interposición de recursos.*

Segundo. O artigo 53, segundo parágrafo, da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) prohibe desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, *a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.*

Esta prohibición é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central no que se definen os actos prohibidos e permitidos durante ese período.

Terceiro. As administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Por iso *«el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para o correcto desenvolvimiento de los servicios públicos»* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011).

Polo tanto, o período electoral non impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Concretamente é doctrina reiterada da Xunta Electoral Central que *"el inicio del período electoral no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para el correcto desenvolvimiento de los servicios públicos. La celebración de convenios de colaboración será posible en la medida en que se den las circunstancias que los hagan necesarios para el interés general.*

Sin embargo, no cabe que en eventos de celebración de acuerdos o convenios de colaboración las autoridades o funcionarios realicen actos o declaraciones que tengan contenido electoralista o que puedan considerarse como campaña de realizaciones o logros obtenidos" (Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

Cuarto. Significase ademais que a esta xunta electoral non lle corresponde resolver sobre feitos xurídicos futuros susceptibles de seren cualificados como unha infracción electoral. Así o recolle a Xunta Electoral Central no acordo de 4 de febreiro de 2021 na que afirma que *«esta Junta ya ha tenido ocasión de declarar que no le corresponde resolver sobre hechos jurídicos futuros hasta tanto estos no se hayan producido (acuerdo de 16 de febrero de 2005)»*

Quinto. A denuncia, no momento de ser formalizada, versaba sobre un feito futuro polo que non cabe facer ningún pronunciamento sobre el xa que os feitos prohibidos previstos en abstracto nas normas electorais so poden considerarse como infracción electoral cando se consuman na realidade material, sen que caiba incoar un procedemento sancionador baseado en simples sospeitas. Trátase, xa que logo, dunha sorte de denuncia preventiva ou cautelar.

Menos aínda cabe que esta xunta electoral poida suspender a realización dun acto verbo do que un denunciante poida ter a sospeita de que se pode cometer unha infracción electoral xa que non ten competencias para o facer.

Tendo en conta as anteriores consideracións, adóptase o seguinte

Acordo

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 14:00 horas do próximo día 5 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal